

3º TRIMESTRE 2021

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19	%	Var. Int. 21/19
HOTEIS	1.245.866	-8,4%	2.898.803	-7,9%	2,33	0,5%	59,83%	-3,16
PENSIÓNS	365.235	-0,4%	657.350	-1,3%	1,80	-0,9%	40,51%	1,21
ESTAB. HOTELEIROS	1.611.102	-6,7%	3.556.151	-6,8%	2,21	0,0%	54,97%	-1,95
APTOS. TURÍSTICOS	80.518	8,8%	332.182	10,4%	4,13	1,4%	43,12%	-2,78
CÁMPINGS	236.889	8,0%	907.930	7,5%	3,83	-0,5%	-	-
TURISMO RURAL	93.211	-9,0%	207.156	-8,4%	2,22	0,7%	36,23%	-0,69
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	410.618	3,8%	1.447.268	5,5%	3,52	1,7%	-	-
SUBTOTAL	2.021.720	-4,8%	5.003.419	-3,5%	2,47	1,3%	-	-
ALBERGUES	344.682	-	414.740	-	1,20	-	32,29%	-
TOTAL	2.366.402	-	5.418.159	-	2,29	-	-	-


- Na análise dos datos deste terceiro trimestre cabe ter en conta que xa pasou máis dun ano do inicio da pandemia e, por tanto, este período está condicionado polo efecto negativo da Covid19. A situación é notablemente diferente pois compárase un trimestre con importante presenza do covid19 no que se finaliza o proceso de desescalada da primeira onda da pandemia e se inicia a segunda onda –en 2020- cun período no que a poboación está vacinada nunha porcentaxe moi elevada e os niveis de actividade veñen amosando signos importantes de recuperación –en 2021-.
- Desta maneira a conxuntura turística no segmento do aloxamento turístico en Galicia reforza a súa liña de crecemento iniciada en primavera e amosa unha recuperación importante, se ben con diferenzas de intensidade entre os meses considerados –xullo, agosto e setembro-. En termos globais os niveis de demanda superan nun 67% as cifras do pasado ano 2020 mais fican levemente por debaixo dos niveis de 2019 –o nivel de recuperación deste trimestre, en conxunto, sitúase no 96% para o número de noites-.
- Esta porcentaxe varía en función do mes considerado. Agosto foi o mes de mellor comportamento da demanda pois superáronse por vez primeira as cifras de 2019, acadando ademais o segundo dato máis elevado da serie histórica. En xullo e setembro o nivel de recuperación foi bo tamén pero fica levemente por debaixo das cifras previas á pandemia, cun nivel de recuperación de máis do 90% en ambos meses.

- En termos globais rexistráronse neste terceiro trimestre algo máis de dous millóns de viaxeiros aloxados e cinco millóns de noites, cifras que colocan a Galicia en niveis pre-pandemia –é o cuarto ano, xunto con 2016, 2017 e 2019, no que a nosa comunidade supera os cinco millóns de pernactacións neste período de tres meses-. Se a esta cifra engadimos os datos dos albergues –tipoloxía que comeza a computar neste ano 2021- obtemos un volume global de case 2,4 millóns de viaxeiros aloxados e de algo máis de 5,4 millóns de noites no conxunto da oferta de aloxamento INE de Galicia.
- No terceiro trimestre Galicia colócase como o sexto destino máis importante do Estado, situándose por detrás de Cataluña, Andalucía, Baleares, a C. Valenciana e Canarias. Representa o 3,7% do total estatal.
- Asturias é o único destino que consegue neste trimestre superar o nivel de demanda de 2019. Aragón e Navarra mantéñense en volumes semellantes mentres que os restantes destinos fican por debaixo dos valores previos á crise. Neste grupo seis comunidades –entres as que se atopa Galicia- amosan un nivel de recuperación superior ao 90%.
- Neste período o 66% da demanda corresponde ao segmento hoteleiro –cun 54% para os hoteis e 12% para as pensións- mentres que o 34% restante fica no aloxamento extrahoteleiro –cun 6% para os apartamentos turísticos, o 17% nos cámpings, o 4% en turismo rural e o 8% nos albergues-. Esta estrutura é propia dun período de temporada alta cando se aprecia un peso do segmento extrahoteleiro superior ao 30%, con importante presenza de demanda nos cámpings –de feito é a segunda tipoloxía con maior volume e peso neste momento do ano-.
- En liña co que se viña observando na primavera obsérvase mellor comportamento relativo dalgúns modalidades de aloxamento respecto doutras, sendo que todas superan con creces as cifras do pasado ano. Neste sentido a capacidade de recuperación está sendo máis notoria en dúas tipoloxías: nos apartamentos turísticos e nos cámpings –que non só superan os volumes de demanda do terceiro trimestre de 2019 senón que marcan agora en 2021 niveis máximos da serie histórica-.
- As pensións amosan tamén un comportamento notable, achegándose ás cifras de 2019 –en agosto e setembro consegue superar o nivel previo á pandemia- mentres que os hoteis e os establecementos de turismo rural amosan unha dinámica máis suave, menos intensa, situándose en todo caso no contorno do 92% da demanda de 2019.
- En termos comparativos, e a pesar de quedarse por debaixo dos niveis de 2019, Galicia é, xunto con Asturias e Cantabria, un dos tres destinos de mellor comportamento a nivel estatal no segmento hoteleiro. Sítuase nunha posición intermedia no ámbito dos apartamentos turísticos –sete comunidades presentan mellores resultados- e no dos cámpings –cinco destinos rexistran taxas de crecemento máis elevadas-, e máis baixa no segmento de turismo rural –neste caso Galicia sítuase no grupo dos cinco destinos que se sitúan por debaixo das cifras de 2019-.
- Neste trimestre o 88% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional –que engloba ao interno e ao que procede das restantes comunidades autónomas- mentres que o 12% restante é internacional. Ambos segmentos presentan un comportamento dispar neste período pois mentres o nacional


recupera plenamente os niveis habituais de demanda –marcando un máximo na serie histórica con máis de 4,3 millóns de noites-, o internacional fica aínda en cifras baixas –recuperando entorno ao 52% da demanda de 2019-.

- Isto leva a un cambio importante da estrutura da demanda, acentuándose o peso do turismo nacional na nosa comunidade neste terceiro trimestre –pasa do 78% do total das noites en 2019 ao 88% actual-. Son dez puntos de diferenza que neste caso perde, en paralelo, o segmento internacional.
- O bo comportamento do mercado nacional neste trimestre é unha característica que se observa nos tres meses considerados. Así, marca máximos históricos de demanda tanto en xullo como en agosto e en setembro, grazas sobre todo ao receptor nacional –aquele que procede de fóra de Galicia-. O interno ten no verán un comportamento notable pero máis contido, e en setembro volve a situarse por encima dos niveis de 2019.
- A estadía media global sitúase preto de 2,3 noites, cifra presenta notables diferenzas en función da tipoloxía de aloxamento. Toma os valores máis altos nos apartamentos turísticos e nos cámpings –con 4,1 e 3,8 noites, respectivamente- e, no lado contrario, a cifra máis baixa nos albergues –con pouco máis dunha noite de media-.
- En termos de ocupación obsérvase un comportamento algo diferente ao da demanda en cada unha das tipoloxías. Todas melloran as cifras de 2020 –con maior intensidade os hoteis- mais só dúas conseguen superar a porcentaxe do terceiro trimestre de 2019 –en algo máis dun punto as pensións e en menos dun punto os cámpings-. Nas restantes modalidades o nivel de ocupación fica por debaixo dos valores previos á pandemia.
- Con todo os hoteis continúan rexistrando a porcentaxe de ocupación máis alta do conxunto da oferta de aloxamento, cun 59,8% de media neste trimestre. A porcentaxe máis baixa fica, en cambio, nos albergues –cun 32,3% de media-.


Reparto da demanda turística regrada. Noites 3º trimestre 2021



Variación da demanda turística regrada. Noites 3º trimestre 21/19



Estadía media, por tipoloxías. 3º trimestre 2021



Evolución turismo nacional no aloxamento regrado. Noites 3º trimestre 2013-21

